

## **ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2025**

**EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO: 2024000029114**

### **INFORME DA INTERVENCIÓN PROVINCIAL**

En cumprimento do establecido no artigo 168 do Texto refundido da lei reguladora facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (en diante TRLRFL) a Presidencia desta Corporación provincial elaborou o expediente que contén o PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2025.

Examinado o citado ORZAMENTO XERAL, así como a documentación que o acompaña, emítase o preceptivo informe da Intervención provincial para dar cumprimento co disposto no artigo 168.4 do TRLRFL en relación co artigo 4.1.b.1º) do R.D. 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, co alcance establecido no 54.2 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/86.

O presente informe estrutúrase nos seguintes apartados:

1.	<i>LEXISLACIÓN APLICABLE</i>	4
2.	<i>ÁMBITO E CONTIDO DO ORZAMENTO XERAL</i>	6
2.1	ÁMBITO	6
2.2	CONTIDO	7
2.2.1	Orzamento: (Artigo 165.1 TRLRHL)	7
2.2.2	Anexos	7
2.2.3	Documentos	8
2.2.4	Proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña	9
3.	<i>ASPECTOS PROCEDIMENTAIS.</i>	10
4.	<i>ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2025</i>	11
4.1	CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.	12
4.1.1	Operacións non financeiras	14
4.1.2	Operacións financeiras	16
4.2	A “REGRA DE GASTO”: Teito de gasto non financeiro para o exercicio 2025:	17
4.3	INGRESOS:	19
4.3.1	Transferencias	22
4.3.2	Operacións de crédito	24
4.3.3	Outros Ingresos	24
4.4	GASTOS	24
4.4.1	Remuneracións de persoal	24
4.4.2	Compra de bens e contratación de servizos	29
4.4.3	Xuros	30
4.4.4	Gastos derivados da débeda	30
4.4.5	Transferencias correntes e de capital.	42

4.4.6	Investimentos provinciais	45
4.4.7	Activos financeiros	46
4.5	BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO	47
4.6	PROXECTO DE ORZAMENTO PARA 2025 DA ENTIDADE ADSCRITA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL	52
4.6.1	Proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña	52

## **ANEXOS:**

**Anexo Nº 1:** Avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto coas magnitudes do orzamento para o exercicio 2025, da Deputación, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e do estado de consolidación.

**Anexo Nº 2:** Estados numéricos do Orzamento provincial do exercicio 2025 e gráficos correspondentes.

**Anexo Nº 3:** Estados numéricos do Orzamento do exercicio 2025 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

**Anexo Nº 4:** Informe de Intervención ao cadro de persoal e relación de postos de traballo para o exercicio 2025.

**Anexo Nº 5:** Estrutura orzamentaria para o ano 2025.

## 1. LEXISLACIÓN APLICABLE

No ámbito orzamentario, a lexislación directamente aplicable ás Corporacións locais está comprendida nas seguintes normas:

- a) A Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local na súa actual redacción, recentemente modificada pola Lei 27/2013, do 28 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.
  - Artigo 33.2.c) 90, 104, 112, 113 e 116 bis.
- b) Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.
  - Artigos 168 a 171
- c) O Real decreto 500/1990 do 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo 1º do título 6º da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
  - Artigos 2 a 23
- d) A Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria modificada pola Lei 15/2006, do 26 de maio, cuxo capítulo 3º, título 2º, regula o equilibrio financeiro na actividade orzamentaria das corporacións locais, ambos os dous textos lexislativos deron lugar ao Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, que foi obxecto de desenvolvemento na súa aplicación ás entidades locais a través do Regulamento aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro. Máis recentemente publicouse e entrou en vigor a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que derroga as normas anteriormente citadas. Precepto que foi modificado, pola súa vez, pola Lei orgánica 4/2012, do 28 de setembro, Ambas as dúas normas desenvolven as previsións contidas no artigo 135 da Constitución Española, na súa actual redacción. Neste apartado resulta necesario citar a Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, que modifica distintos preceptos da Lei orgánica 2/2012. As máis recentes a Lei orgánica 1/2016, do 31 de outubro e a Lei orgánica 2/2024, de 1 de agosto, que modifican (unha vez máis) a Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En desenvolvemento desta normativa de estabilidade orzamentaria ditáronse distintas normas regulamentarias e disposicións administrativas que tamén resultan de aplicación xeral.

- e) Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- f) Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

Ademais dos preceptos concretos antes citados, que constitúen a lexislación do Estado reguladora das facendas locais en materia orzamentaria, é igualmente de aplicación, con carácter supletorio, a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Igualmente son de aplicación as Leis de orzamentos xerais do Estado ditadas anualmente, para cada exercicio económico, naquelas materias referidas a todo o sector público ou, con carácter expreso, ao subsector local (retribucións de persoal, pensións, transferencias a corporacións locais, ingresos tributarios, etc...).

Con independencia das normas antes citadas, deberá terse igualmente en conta a lexislación sectorial que regula ámbitos concretos da actividade pública con tradución orzamentaria tales como persoal, débeda, subvencións, ingresos tributarios, contratación, etc... Todo iso dentro do ámbito competencial que ás deputacións provinciais lles atribúe o lexislador.

Tamén é necesario tomar en consideración a normativa autonómica de Galicia, contida fundamentalmente no Estatuto de Autonomía de Galicia, que recolle, entre outras, as seguintes disposicións:

*O artigo 49.1: "correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes se lle recoñecen os artigos 140 e 142 da constitución e de acordo co artigo 27.2 deste estatuto."*

*A Disposición adicional terceira, sinala que "A Xunta coordinará a actividade das Deputacións provinciais de Galicia en canto afecte directamente o interese xeral da Comunidade Autónoma, e para estes efectos uníranse os orzamentos que elas elaboren e aproben ao da Xunta de Galicia"*

Así mesmo, debe tomarse en consideración o disposto na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, na Lei orgánica do Tribunal de Contas, na Lei do Consello de Contas de Galicia e na normativa orzamentaria e sectorial do Estado e

da Comunidade Autónoma de Galicia. Sobre as competencias das entidades locais pronúnciase a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

Finalmente, tamén resulta de aplicación o establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, particularmente, o establecido nos seus artigos 118 a 127 que se refiren aos consorcios. A Deputación provincial ten adscrito o Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

## **2. ÁMBITO E CONTIDO DO ORZAMENTO XERAL**

### **2.1 ÁMBITO**

O artigo 164.1 do TRLRHL dispón que "As entidades locais elaborarán e aprobarán anualmente un Orzamento Xeral no que se integrarán:

- a) O orzamento da propia entidade.
- b) Os dos organismos autónomos dependentes desta.
- c) Os estados de previsión de gastos e ingresos das sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integramente á entidade local".

Existen, no entanto, entidades nas que participa a Deputación provincial: o Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña; hai que indicar que neste momento figura clasificado pola Intervención xeral da Administración do Estado como entidade dependente da Deputación provincial, sendo as achegas da Xunta e da Deputación para os gastos correntes e de capital do 50 por 100 do seu importe anual, de acordo co establecido nos seus estatutos vixentes.

Unha vez formulado polo Presidente do Consorcio o proxecto de orzamento para o exercicio 2025 resulta posible a súa consolidación para os efectos de verificación conxunta dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto, que se analizará no apartado correspondente do presente informe.

## 2.2 CONTIDO

**O Orzamento xeral conterá a seguinte información:**

### 2.2.1 Orzamento: (Artigo 165.1 TRLRHL)

- Estados de gastos e ingresos. No exercicio 2025 resulta de aplicación a estrutura orzamentaria aprobada pola Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria dos orzamentos das entidades locais, cos criterios contidos na Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais (BOE nº 235, do 29 de setembro), modificada pola Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo.
- Bases de Execución do Orzamento da propia entidade

### 2.2.2 Anexos

- Plans e programas de investimento e financiamento, con carácter potestativo (166.1.a) TRLRHL)
- Programas anuais das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou maioritario a entidade local (166.1.b) TRLRHL). A Deputación provincial non é titular de sociedades de tal natureza.
- Estado de consolidación do orzamento da propia entidade co de todos os orzamentos e estados de previsión dos seus organismos autónomos e sociedades mercantís. (166.1.c) TRLRHL). Non procede o estado de consolidación do orzamento xa que non existen organismos autónomos nin sociedades mercantís con participación maioritaria. Si é preciso consolidar o orzamento provincial coa entidade adscrita: o Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña
- Anexo de beneficios fiscais en tributos provinciais (artigo 168.1.e) TRLRHL), subscripción polo Servizo de Xestión Tributaria, Sección de Recursos Propios, o día 26 de setembro de 2023.
- Anexo de convenios subscritos coa Comunidade Autónoma en materia de gasto social, artigo 168.1.f) TRLRHL).

- Estado de previsión de movementos e situación da débeda comprensiva do detalle de operacións de crédito ou endebedamento pendentes de reembolso a principio de exercicio, das novas operacións previstas a realizar ao longo deste e do volume de endebedamento ao peche do exercicio económico, con distinción de operacións a curto prazo, operacións a longo prazo, de recorrencia ao mercado de capitais e realizadas en divisas ou similares, así como das amortizacións que se prevén realizar durante o mesmo exercicio. (166.1.d) TRLRHL).

### **2.2.3 Documentos**

- Memoria da Presidencia da Corporación explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente. (168.1.a) TRLRHL).

- Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos a seis meses deste (168.1.b) TRLRHL).

- Anexo do persoal da entidade local (168.1.c) TRLRHL). Achégase a proposta do cadro de persoal e relación de postos de traballo para 2025, pendente de tramitación polo Pleno corporativo.

- Anexo de investimentos que se han realizar no exercicio (168.1.d) TRLRHL).

- Informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender ao cumprimento das obrigacións esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e en consecuencia a efectiva nivelación do orzamento (168.1.g) TRLRHL).

- Informe da Intervención (168.4. TRLHL).

O expediente do Orzamento xeral para o ano 2025, contén a documentación detallada nos parágrafos anteriores con excepción da que se contempla nos apartados a) e b) do artigo 166.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, aínda que hai que sinalar que o primeiro apartado refírese aos "Plans e programas de investimento e financiamento para un período de catro anos" documento cuxa confección ten carácter potestativo, e o segundo relativo aos "Programas anuais das sociedades mercantís de cuxo capital social sexa titular único ou



maioritario a entidade local" non resulta posible a súa presentación xa que esta Deputación non é titular único nin socio maioritario de ningunha sociedade mercantil.

Polo que se refire ao "Anexo de investimentos que se han realizar no exercicio", que se acompaña ao Orzamento xeral, debe manifestarse que no devandito documento e referido aos Plans de investimento cuxa execución se contempla no Orzamento citado, non se reflicten, co detalle previsto TRLRHL e no Decreto 500/1990 os proxectos de investimento que se van realizar no devandito exercicio 2025.

Finalmente hai que facer constar que no anexo citado non se identifican os investimentos que se van realizar no Plan de vías provinciais (Investimentos), no Plan de conservación, no Plan de sendas peonís, no Plan de estradas a transferir ou no Plan de obras e servizos (POS+ 2025).

O Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" é un Plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2025 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80, do 3 de abril), tendo en conta as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o dito Plan en colaboración cos concellos da provincia.

Como xa se indicou, inclúese o estado de consolidación co Orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e a análise conxunta dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

#### **2.2.4 Proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña**

Inclúese o expediente do proxecto de orzamento do exercicio 2025 formulado pola Presidencia do Consorcio coa documentación achegada.

A este respecto é necesario poñer de manifesto o establecido no artigo 122 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que é do seguinte teor literal

*“1. Os consorcios estarán suxeitos ao réxime de orzamentación, contabilidade e control da administración pública á que estean adscritos, sen prexuízo da súa suxeición ao previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.*

*2. Para os efectos de determinar o financiamento por parte das administracións consorciadas, teranse en conta tanto os compromisos estatutarios ou convencionais existentes como o financiamento real, mediante a análise dos desembolsos efectivos de todas as achegas realizadas.*

*3. O órgano de control interno da Administración á que se adscribira o Consorcio, deberá realizar a auditoría de contas anuais de aqueles consorcios nos que, a data do peche do exercicio, concorran, a lo menos, dúas das tres circunstancias seguintes:*

*a) Que o total das partidas do activo supere 2.400.000 euros.*

*b) Que o importe total dos seus ingresos por xestión ordinaria no caso dos consorcios do sector público administrativo, ou a suma do importe da cifra de negocios máis outros ingresos de xestión, no caso dos pertencentes ao sector público empresarial, sexa superior a 2.400.000 euros.*

*c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio sexa superior a 50.*

*Mediante Lei, poderán modificarse os límites anteriores cando a estrutura e composición dos consorcios adscritos a unha administración así o requira. As circunstancias sinaladas anteriormente aplicaranse tendo en conta o seguinte:*

*a) Cando un consorcio, na data de peche do exercicio, pase a cumprir dous das citadas circunstancias, ou ben cesamento de cumprilas, tal situación unicamente producirá efectos en canto ao sinalado si se repite durante dous exercicios consecutivos.*

*b) No primeiro exercicio económico desde a súa constitución ou a súa adscrición ao sector público correspondente, os consorcios cumprirán o disposto nos apartados anteriormente mencionados se reúnen, ao peche do devandito exercicio, polo menos dous das tres circunstancias que se sinalan.*

*c) Aínda cando, segundo as circunstancias sinaladas, non exista obriga de someter as contas anuais dun consorcio a auditoría de contas, os órganos de control interno poderán, en todo caso, incluír a súa realización nos seus plans anuais de control e auditoría.*

*4. Os consorcios deberán formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da administración pública de adscrición.*

*5. Os consorcios rexeranse polas normas patrimoniais da administración pública á que estean adscritos.”*

### **3. ASPECTOS PROCEDIMENTAIS.**

O orzamento obxecto de análise, en canto a súa estrutura, cumpre as previsións contidas nos artigos 164 a 168 e seguintes do TRLRHL.

A incoación do expediente do Orzamento xeral correspóndelle á Presidencia da Corporación (artigo 168.1 e 168.4 TRLRHL)

A aprobación inicial, correspóndelle ao Pleno da Corporación, logo do informe preceptivo previo do interventor xeral e ditame da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital, todo iso a teor do establecido no artigo 168.5 do TRLRHL.

Información pública a través do Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles (artigo 169.1 TRLRHL).

Reclamacións. Durante o prazo de exposición, as persoas lexitimadas previstas no artigo 170 TRLRHL poderán presentar reclamacións.

Aprobación definitiva. O expediente considerárase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario, se non se producen reclamacións contra este. No caso de que se formularan reclamacións, estas deberáanse resolver o Pleno da Corporación no prazo de 30 días, (artigo 169.1 TRLRHL), logo dos informes preceptivos previos e o Ditame da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital.

Publicidade e entrada en vigor. Unha vez aprobado definitivamente o expediente publicarase, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e entrará en vigor unha vez se dea cumprimento a tal requisito. (Artigo 169.3 TRLRHL).

Remisión a outras administracións públicas: do Orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma. O envío realizarase simultaneamente ao Boletín Oficial da Provincia, referido no apartado anterior (artigo 169.4 TRLRHL).

Información permanente: a copia do orzamento e das súas modificacións deberá estar ao dispor do público para os efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio (artigo 169.7 TRLRHL). Esta información debe incorporarse ao Portal de Transparencia para dar cumprimento á normativa estatal e autonómica (artigo 7 da Lei 19/2013, 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.)

Recursos: contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interporse directamente o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nas normas da devandita xurisdición (artigo 171 TRLRHL)

#### **4. ORZAMENTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2025**

O Orzamento da Deputación Provincial da Coruña para o próximo exercicio 2025 ascende a 240.500.00000 euros, (DOUSCENTOS CORENTA MILLÓNS QUINIENTOS MIL EUROS) fronte a 222.151.200,00 euros en 2024, cun aumento de 18.348.800,00 € o que representa o 8,26% de incremento.

A continuación analízanse brevemente os aspectos e datos máis significativos do orzamento:

O Orzamento provincial para o exercicio 2025 presenta o seguinte resumo por capítulos da clasificación económica.

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	24.504.000,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	59.485.576,70
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	16.406.500,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	45.933.462,09
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	13.332.478,00	III.- GASTOS FINANCEIROS	75.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	179.086.322,00	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	79.929.535,64
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	6.813.700,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	4.810.000,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>240.143.000,00</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>190.233.574,43</b>
VI.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	7.000,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	22.953.654,57
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	26.782.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	350.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	530.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>357.000,00</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>50.266.425,57</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>240.500.000,00</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>240.500.000,00</b>

Como se pode comprobar, o proxecto de orzamento está formalmente equilibrado.

A análise detallada do proxecto de orzamento para o exercicio 2025 e a súa comparación co orzamento inicial do exercicio 2024 contense nos cadros que se recollen no anexo ao presente informe.

#### 4.1 CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.

A continuación realízase unha avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria respecto das previsións de ingresos e gastos contidas no Orzamento xeral para o exercicio 2025, obxecto do presente informe. Tal avaliación realízase en cumprimento do establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira modificada polas Leis orgánicas 4/2012, do 28 de setembro, 1/2016, de 31 de outubro e 2/2024, do 1 de agosto e desenvolvida para as entidades locais a través do regulamento aprobado polo Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se

aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, que segue en vigor no que non se opoña ou contradiga coa nova norma. (BOE Nº 264, do 3 de novembro).

No exercicio 2024 recuperarase a aplicación das regras fiscais contidas nas normas de aplicación sobre estabilidade orzamentaria. Na nota de prensa que se xunta a este informe o Ministerio de Facenda indica que:

*“Os obxectivos de estabilidade vixentes en 2024 serán os contemplados no Programa de Estabilidade que o Goberno remitiu en abril de 2023 á Comisión Europea e recibiron o aval das autoridades comunitarias.”*

O pasado 16 de xullo o Consello de Ministros adoptou o acordo polo que se fixaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para o período 2025-2027 e o límite de gasto non financeiro para o ano 2025.

O Congreso dos Deputados, en sesión do 23 de xullo, rexeitou a proposta do Consello de Ministros. En aplicación do disposto no artigo 15.6 da Lei orgánica o Consello de Ministros adoptou un novo acordo o 10 de setembro pasado, no que se mantiñan os obxectivos aprobados no acordo anterior do 16 de xullo. Posteriormente o Goberno decidiu retirar e pospor a votación do acordo proposto, sen que se coñeza unha nova data para tal fin.

En consecuencia a elaboración dos orzamentos das distintas entidades territoriais realízase sen dispor dun obxectivo de estabilidade orzamentaria estimado.

Non obstante co fin de cumprir co espírito e finalidade da normativa de estabilidade orzamentaria e en atención os antecedentes expostos pódese considerar axeitado tomar como referencia os seguintes obxectivos para 2025:

- Estabilidade orzamentaria: Equilibrio, ou o que é o mesmo, déficit 0,00%
- Regra de gasto: 3,2%, en liña coas previsións dos acordos do Consello de Ministros citados en relación o Produto Interior Bruto estimado.
- Débeda pública: 1,3 % aplicable ao sector público local no acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo e do 10 de setembro de 2024 non aprobado polo Congreso dos Deputados, como se expuxo anteriormente.

#### 4.1.1 Operacións non financeiras

Referido a OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (capítulos I ao VII de ingresos e gastos), os principais indicadores do orzamento do exercicio 2025, en termos de contabilidade nacional segundo metodoloxía SEC95 (Sistema Europeo de Contas) detállanse no seguinte cadro:

PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC95)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	Orzamento 2025	Orzamento 2024	Total incremento	Taxa variac.
<b>1.- Recursos correntes</b>	<b>240.143.000,00</b>	<b>221.795.891,76</b>	<b>18.347.108,24</b>	<b>8,27%</b>
Cap.1.- Impostos directos	24.504.000,00	23.747.335,79	756.664,21	3,19%
Cap.2.- Impostos indirectos	16.406.500,00	17.437.936,51	-1.031.436,51	-5,91%
Cap.3.- Taxas prezos públicos e outros ingresos	13.332.478,00	12.163.161,61	1.169.316,39	9,61%
Cap.4.- Transferencias correntes (ingresos)	179.086.322,00	161.733.757,85	17.352.564,15	10,73%
Cap.5.- Ingresos patrimoniais	6.813.700,00	6.713.700,00	100.000,00	1,49%
<b>2.- Empregos correntes</b>	<b>190.233.574,43</b>	<b>177.599.194,00</b>	<b>12.634.380,43</b>	<b>7,11%</b>
Cap.1.- Gastos de persoal	59.485.576,70	57.756.828,93	1.728.747,77	2,99%
Cap.2.- Gastos correntes en bens e servizos	45.933.462,09	42.783.767,93	3.149.694,16	7,36%
Cap.3.- Gastos financeiros (xuros)	75.000,00	75.000,00	0,00	0,00%
Cap.4.- Transferencias correntes (gastos)	79.929.535,64	72.543.597,14	7.385.938,50	10,18%
Cap.5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.810.000,00	4.440.000,00	370.000,00	8,33%
<b>Aforro bruto (1-2)</b>	<b>49.909.425,57</b>	<b>44.196.697,76</b>	<b>5.712.727,81</b>	<b>12,93%</b>
<b>3.- Recursos de capital</b>	<b>7.000,00</b>	<b>5.308,24</b>	<b>1.691,76</b>	<b>0,00%</b>
Cap.6.- Alleamento de investimentos reais	7.000,00	5.308,24	1.691,76	31,87%
Cap.7.- Transferencias de capital (ingresos)	0,00	0,00	0,00	0,00%
<b>4.- Empregos de capital</b>	<b>49.735.654,57</b>	<b>44.021.235,00</b>	<b>5.714.419,57</b>	<b>12,98%</b>
Cap.6.- Investimentos reais	22.953.654,57	22.685.235,00	268.419,57	1,18%
Cap.7.- Transferencias de capital (gastos)	26.782.000,00	21.336.000,00	5.446.000,00	25,52%
<b>Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (1+3-2-4)</b>	<b>180.771,00</b>	<b>180.771,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>

A análise das cifras detalladas no cadro precedente, referido a OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS permite realizar as seguintes consideracións:

En primeiro lugar hai que significar que o volume dos ingresos correntes (recursos correntes) previstos no orzamento do exercicio 2025 alcanza a cifra de 240.143.000,00 €, cun aumento de 18.347.108,24 €, que supón unha taxa de variación con respecto ao exercicio 2024 do 8,27 %.

Con cargo aos recursos correntes citados, finánciense gastos da mesma natureza (empregos correntes en terminoloxía SEC) por importe de 190.233.574,43 €, cun aumento de 12.634.380,43 € con respecto ao exercicio 2024, que supón unha taxa de aumento do 7,11%. o que permite xerar un aforro bruto estimado de 49.909.425,57 €.

O importe total dos empregos de capital contemplados no orzamento do próximo exercicio, que ascende a 49.735.654,57 €, finánciense co aforro bruto por importe de 49.909.425,57 €.

O financiamento dispoñible permite, en consecuencia, unha capacidade de financiamento de 180.771,00 €.

Os gastos non financeiros por importe de 239.969.229,00 € aténdense integramente con ingresos da mesma natureza non financeira, co cal lógrase un superávit por operacións non financeiras nos termos contemplados na Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, por un importe de 180.771,00 euros, tal como se pon de manifesto no seguinte resumo:

<b>INGRESOS NON FINANCEIROS (recursos)</b>		<b>240.150.000,00</b>
Ingresos correntes	240.143.000,00	
Ingresos de capital	7.000,00	
<b>GASTOS NON FINANCEIROS (empregos)</b>		<b>239.969.229,00</b>
Gastos correntes	190.233.574,43	
Gastos de capital	49.735.654,57	
<b>INGRESOS - GASTOS NON FINANCEIROS</b>		<b>180.771,00</b>

#### 4.1.2 Operacións financeiras

Polo que se refire ás OPERACIÓNS FINANCEIRAS, pódense concretar no seguinte cadro:

CAPITULO	INGRESOS	GASTOS	DIFERENZA
VIII Activos financeiros	350.000,00	530.771,00	-180.771,00
IX Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>350.000,00</b>	<b>530.771,00</b>	<b>-180.771,00</b>

A capacidade de financiamento xerado polos ingresos non financeiros coincide coa necesidade de financiamento que resulta das operacións financeiras, acreditándose, deste xeito, e inicialmente, a efectiva nivelación orzamentaria.

A avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, coas previsións recollidas no proxecto de Orzamento da Deputación para o exercicio 2025, detallada nos Anexos ao presente informe, pon de manifesto as seguintes consideracións:

1. As dotacións iniciais para os Ingresos Non Financeiros (240.150.000,00 €) superan as previsións iniciais de Gastos non Financeiros (239.969.229,00 €) en 180.771,00 €.
2. A metodoloxía utilizada polo Ministerio de Facenda na Oficina Virtual de Coordinación Financeira coas Entidades Locais determina unha previsible "capacidade de financiamento" a 31 de decembro de 2.263.650,08 €. Ou, o que é o mesmo, un previsible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria por dito importe. Acompañense como anexo I, as follas de cálculo co detalle da súa estimación.
3. Tamén resulta previsible o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña cunha marxe de 407.867,91 con equilibrio previsible en termos de estabilidade orzamentaria. (Anexo I).



4. As previsións conxuntas contidas no orzamento consolidado determinan unha capacidade de financiamento total de 2.671.517,99 €. (Anexo I).

#### **4.2 A “REGRA DE GASTO”: Teito de gasto non financeiro para o exercicio 2025:**

No exercicio 2025 debe tomarse en consideración o establecido nos artigos 12 e 30 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que son do seguinte teor literal:

*“Artigo 12. Regra de gasto.*

*1. A variación do gasto computable da administración central, das comunidades autónomas e das corporacións locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española.*

*No entanto, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio dispostos nos artigos 21 e 22 desta lei.*

*2. Entenderase por gasto computable para os efectos establecidos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras administracións públicas e as transferencias ás comunidades autónomas e ás corporacións locais vinculadas aos sistemas de financiamento.*

*3. Correspóndelle ao Ministerio de Economía e Competitividade calcular a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo da economía española, de acordo coa metodoloxía utilizada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa. Esta taxa publicarase no informe de situación da economía española ao que se refire o artigo 15.5 desta lei. Será a referencia a ter en conta pola administración central e cada unha das comunidades autónomas e corporacións locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.*

*4. Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente.*

*Cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra nos anos en que se produzan as diminucións de recadación deberá diminuírse na contía equivalente.*

*5. Os ingresos que se obteñan por riba do previsto destinaranse integramente a reducir o nivel de débeda pública.”*

*“Artigo 30. Límite de gasto non financeiro.*

*1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.*

*O límite de gasto non financeiro excluírá as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento de Comunidades Autónomas e Corporacións locais.*

*2. Antes do 1 de agosto de cada ano o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas informará ao Consello de Política Fiscal e Financeira sobre o límite de gasto non financeiro do Orzamento do Estado.*

*3. Antes do 1 de agosto de cada ano as Comunidades Autónomas remitirán ao Consello de Política Fiscal e Financeira a información sobre o límite de gasto non financeiro que cada unha delas aprobe.”*

A aplicación dos criterios recollidos na “Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da Lei 2/2012, orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para as corporacións locais” elaborada pola Intervención Xeral da Administración do Estado, presenta os resultados que se inclúen nos anexos ao presente informe.

De acordo cos datos do documento de calculo da regra de gasto e estabilidade que se achega a este informe pode obterse as seguintes conclusións:

O gasto máximo admisible por aplicación da regra de gasto, tomadas en consideración as estimacións efectuadas para obter a previsión de liquidación de 2024, ascende a 256.492.456,64 €.

O gasto non financeiro contemplado no proxecto de orzamento para 2025 ascende a 239.969.229,00 € e o gasto total a 240.500.000,00 €.

A aplicación dos criterios da Intervención Xeral da Administración do Estado aos créditos iniciais de 2025 implican estimar unhas obrigacións recoñecidas no exercicio de 236.925.553,80 € en función do grao de execución dos orzamentos dos exercicios 2020, 2021, 2022, 2023 e estimación de 2024. Isto supón unha diferenza previsible tras os axustes correspondentes de 19.566.902,84 € respecto do límite da regra de gasto e supón o cumprimento inicial da regra de gasto do exercicio 2025, de acordo co disposto nos artigos 11 e 12 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. (Anexo I).

A evolución dos datos consolidados co orzamento do exercicio 2025 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, inclúese no propio anexo cos mesmos criterios expresados para a Deputación e conclúen o previsible incumprimento do obxectivo de regra de gasto no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña en

1.875.937,76 €. En termos consolidados os resultados obtidos no anexo citado poñen de manifesto o previsible cumprimento da "regra de gasto" estimado en 17.690.965,08 € (Anexo I).

### 4.3 INGRESOS:

O importe total do orzamento de ingresos para o ano 2025 sitúase en 240.500.000,00 €, fronte a 222.151.200,00 € no exercicio 2024, cun aumento de 18.348.800,00 €, que representa o 8,26% de incremento.

A evolución do capítulo I, impostos directos, desagregase nos seguintes conceptos:

CONCEPTO		ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENZA
100	Cesión IRPF	19.259.000,00	17.869.303,79	1.389.696,21
17100	Recarga provincial IAE	3.945.000,00	4.278.032,00	-333.032,00
17101	Recarga provincial IAE - cotas provinciais e nacionais	1.300.000,00	1.600.000,00	-300.000,00
<b>TOTAL INGRESOS CAPÍTULO 1</b>		<b>24.504.000,00</b>	<b>23.747.335,79</b>	<b>756.664,21</b>

No capítulo II contéplase a recadación previsible dos impostos estatais de carácter indirecto cedidos parcialmente: imposto sobre o valor engadido e impostos especiais sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre alcol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre os labores do tabaco.

O capítulo II minora en 1.031.436,51 € respecto das cantidades estimadas no exercicio 2024.

Aumenta o importe do capítulo III de ingresos "taxas, prezos públicos e outros ingresos" na cantidade de 1.169.316,39 €, o importe estimado correspóndese cos importes que se prevén liquidar no exercicio 2025.

O capítulo IV "transferencias correntes" aumenta nun 10,73 % ou sexa 17.352.564,15 €, unha vez deducidos os importes das liquidacións negativas da participación nos ingresos do Estado dos exercicios 2008 e 2009 (2.122.169,64) dos datos das entregas a conta, tendo en conta a participación nos Ingresos do Estado dos anos 2023 e 2024.

O Ministerio de Facenda a través da súa nota informativa de febreiro de 2004, obriga a contabilizar individualmente as transferencias que se realicen en concepto de cesión de rendementos recadatorios dos diversos impostos. Por tanto a achega do Estado ao financiamento provincial incondicionada desagregase en tres apartados:

- Cesión parcial da recadación territorializada de determinados tributos estatais: IVE, IRPF e impostos especiais, que ascende a 40.910.500,00 € en impostos directos o indirectos.
- Fondo complementario de financiamento e outros ingresos non afectados do Estado: A previsión inicial do exercicio 2024 por este concepto foi de 160.788.851,90 € e é de 178.000.000,00 € a previsión para 2025, o que supón unha incremento de 10,70%.
- A liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2008 resultou negativa en 15.940.542,84 €, dos cales 1.180.993,67 € foron compensados pola Facenda estatal contra os saldos que había a favor da Deputación, polo que quedou pendente de reintegrar ao Estado a cantidade de 14.759.549,17 € (2.403.273,07 € por cesión do IVE e 12.356.276,10 € polo Fondo complementario de financiamento). (Esta estimación parte da consideración de que o reintegro total da cantidade citada se efectúa en 204 mensualidades a partir de 1 de xaneiro de 2015. Está previsto no exercicio 2025 minorar o citado importe negativo na cantidade de 405.164,04 €.
- O Ministerio de Facenda comunicou o resultado negativo de 46.936.578,45 € que se deriva da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do exercicio 2009. Foron compensados polo Estado contra os saldos que había a favor da Deputación a cantidade de 25.535,60 euros, polo que o pendente de reintegrar ao Estado ascende á cantidade de 46.911.042,85 euros. Está previsto no exercicio 2025 minorar o citado importe negativo na cantidade de 1.717.005,60 €.

O reintegro deste novo saldo negativo sumado ao derivado do exercicio 2008 fará que no ano 2025 e posteriores haxa que devolver ao Estado a cantidade de 2.122.169,64 €, ou o que é o mesmo, reduciranse os ingresos provinciais anuais nesa contía. (Esta estimación parte da consideración de que o reintegro total da cantidade citada se efectúa en 204 mensualidades a partir do 1 de xaneiro de 2015).

- Está pendente de comunicación do Ministerio de Facenda o resultado da Liquidación definitiva de participación nos ingresos do estado do exercicio 2023.
- O resumo das devolucións na participación nos tributos do Estado nos exercicios 2024 e 2025, polas devolucións dos anos 2008, 2009 e 2020, é a seguinte:

CONCEPTO	PENDENTE DEVOLUCIÓN 01/01/2024	IMPORTE A REINTEGRAR AÑO 2024	PENDENTE DEVOLUCIÓN 31/12/2024	IMPORTE A REINTEGRAR AÑO 2025	PENDENTE DEVOLUCIÓN 31/12/2025
Liquidación 2008	3.241.313,29	405.164,04	2.836.149,25	405.164,04	2.430.985,21
Liquidación 2009	13.736.042,88	1.717.005,60	12.019.037,28	1.717.005,60	10.302.031,68
Liquidación 2020	6.795.922,47	6.795.922,47	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>23.773.278,64</b>	<b>8.918.092,11</b>	<b>14.855.186,53</b>	<b>2.122.169,64</b>	<b>12.733.016,89</b>

Como se pode comprobar non existe ningunha previsión por participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, pois, como é sabido, non está contemplada a participación das Deputacións no Fondo Galego de Cooperación Local, a pesar do establecido no artigo 142 do texto constitucional. Si se contempla un ingreso de 597.022,00 € como achega da Xunta de Galicia para o mantemento dos centros educativos: IES Rosalía Mera e IES Puga Ramón, importe que representa o 10,17% dos gastos orzados para o funcionamento dos centros no exercicio 2025.

### 4.3.1 Transferencias

As transferencias, segundo o seu carácter e procedencia, detállanse no seguinte cadro:

AXENTE	IMPORTE			
	2025	2024	INCREMENTO	%
<b>1. TRANSFERENCIAS DO ESTADO:</b>				
A) TRANSFERENCIAS CORRENTES				
NON AFECTADAS: Partic. Tributos Estado e outros	178.000.000,00	160.788.851,90	17.211.148,10	10,70
AFECTADAS: Partic. do org. N. de Loterías e Apostas	425.000,00	283.583,84	141.416,16	49,87
Compensación por beneficios fiscais	30.000,00	30.000,00	0,00	0,00
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>178.425.000,00</b>	<b>161.072.435,74</b>	<b>17.352.564,26</b>	<b>10,77</b>
B) TRANSFERENCIAS DE CAPITAL				
a) Subvención ao Plan de Obras e Servizos	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS DO ESTADO</b>	<b>178.425.000,00</b>	<b>161.072.435,74</b>	<b>17.352.564,26</b>	<b>10,77</b>
<b>2. TRANSFERENCIAS DA XUNTA DE GALICIA</b>				
A) TRANSFERENCIAS CORRENTES				
A centros de ensino, fomento de emprego e outros	597.022,00	597.022,11	-0,11	0,00
Emprego e desenvolvemento local				
Outras subvencións correntes Comunidade Autónoma	100,00	100,00		
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>597.122,00</b>	<b>597.122,11</b>	<b>-0,11</b>	<b>0,00</b>
B) TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS DA XUNTA</b>	<b>597.122,00</b>	<b>597.122,11</b>	<b>-0,11</b>	<b>0,00</b>
<b>3. TRANSFERENCIAS DA COMUNIDADE EUROPEA</b>				
A) TRANSFERENCIAS CORRENTES				
Fondo Social Europeo	0,00	0,00	0,00	0,00
Fondo da Comisión Europea	34.200,00	34.200,00	0,00	0,00
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>34.200,00</b>	<b>34.200,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
Fondos Next Generation	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS COMUNIDADE EUROPEA</b>	<b>34.200,00</b>	<b>34.200,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

Da análise dos datos anteriores dedúcense as seguintes observacións:

Primeiro.- As transferencias correntes do Estado para o ano 2025 aumentan en 17.352.564,26 €, o que representa un 10,77 % de incremento sobre o exercicio anterior. Pola súa banda, as transferencias de capital dedicadas á “Cooperación económica local” non conteñen achega ningunha en ambos os dous períodos. Iso significa que o total das transferencias estatais aumentaron no importe indicado de 17.352.564,26 € sobre o pasado exercicio.

Segundo.- O total das transferencias procedentes da Xunta de Galicia mantense sen variación referíndose só á achega a servizos educativos. Como xa se indicou, non está contemplada a participación das Deputacións no Fondo Galego de Cooperación Local, o que supón non tomar en consideración o mandato imperativo contido no inciso final do artigo 142 da Constitución Española, que é do seguinte teor literal: *“As facendas locais deberán dispor dos medios suficientes para o desempeño das funcións que a lei lle atribúe ás corporacións respectivas e nutriranse fundamentalmente de tributos propios e de participación nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas”*.

Refírese este precepto a todas as facendas locais, de municipios, provincias e outros entes locais e faino con carácter imperativo e lóxico: son leis estatais e leis autonómicas as que determinan as funcións, servizos e competencias que as corporacións respectivas deben desenvolver. Ademais, correspóndelle ao Estado garantir un nivel medio de prestación dos servizos esenciais de carácter estatal en todo o territorio nacional (artigos 2, 134 e 158 da Constitución, entre outros) e correspóndelle ás Comunidades Autónomas igual labor no seu ámbito territorial. É evidente que numerosas normas autonómicas establecen servizos provinciais e requiren de condición específica para a súa prestación, singularmente en servizos sociais, fogares infantís, centros educativos, información a consumidores e usuarios, extinción de incendios, residuos... Por último, tamén é coñecida a circunstancia de que as Deputacións, por razóns históricas e doutra natureza, prestan servizos cuxa competencia e financiamento lle corresponde a outras administracións públicas.

Terceiro.- As Transferencias correntes da Comunidade Europea se corresponden coa achega da Comisión Europea para os gastos do *Proxecto Europe Direct*, anualidade 2025: 34.200,00 €.

### **4.3.2 Operacións de crédito**

Do mesmo xeito que nos exercicios 2014 a 2024, no 2025 non se contén ningunha previsión para operacións de crédito.

A débeda viva desta Corporación a 31 de decembro de 2014 por operacións concertadas con entidades financeiras estaba totalmente cancelada, e en consecuencia, non procede dotar de importe ningún durante o exercicio 2025 para a súa amortización. Ao non existir débeda financeira ningunha con entidades de crédito resulta evidente que a Deputación cumpre o obxectivo de sustentabilidade financeira.

### **4.3.3 Outros Ingresos**

O resto das previsións de ingresos que se contemplan no orzamento para o ano 2025 son de menor significación.

## **4.4 GASTOS**

En relación co estado de gastos do Orzamento da Deputación para o ano 2025 caben destacar os seguintes aspectos:

### **4.4.1 Remuneracións de persoal**

O importe total do capítulo 1º alcanza a cifra de 59.485.576,70 € para o exercicio 2025, fronte a 57.756.828,93 € no ano 2024, cun aumento de 1.728.747,77 €, equivalente ao 2,99 %. Analízanse a continuación as principais dotacións orzamentarias do capítulo I dos exercicios 2024 e 2025:

Unha consideración previa:

Neste momento non hai Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2025, polo que a efectiva aplicación dos créditos orzamentarios consignados neste capítulo de gastos do Orzamento provincial debe condicionarse xurídica, económica e orzamentariamente ás condicións, límites e requisitos que estableza a normativa básica estatal para este fin, sen prexuízo das normas que conteña a normativa orzamentaria autonómica e que poida resultar singularmente de aplicación.



Unha visión comparativa das dotacións do **programa 929** da área de Recursos Humanos contense no seguinte cadro:

CONCEPTO ECONÓMICO	DENOMINACIÓN DO SUBPROGRAMA	DOTACIÓNS INICIAIS 2025	DOTACIÓNS INICIAIS 2024	DIFERENZAS
120.09	Outras retribucións básicas	1.284.522,00	1.556.384,00	-271.862,00
	Modificacións RPT 2025	0,00	417.872,00	-417.872,00
	Previsión incremento LOXE e 0,05, subida PIB 2025	1.284.522,00	948.760,00 189.752,00	146.010,00
121.03	Outros complementos	1.000.000,00	525.545,00	474.455,00
	Valoración de postos de traballo	0,00	0,00	0,00
	Carreira profesional	1.000.000,00	525.545,00	474.455,00
150.00	Produtividade persoal funcionario	3.650.579,00	3.545.210,00	105.369,00
151.00	Horas extras	1.000,00	1.000,00	0,00
151.01	Traballos suplementarios	30.000,00	30.000,00	0,00
226.07	Gastos tribunais probas selectivas	40.160,00	40.160,00	0,00
226.99	Outros gastos directos (sancións)	50.000,00	50.000,00	0,00
230.20	Axudas custe persoal non directivo	43.760,00	43.760,00	0,00
231.20	Locomoción persoal non directivo	20.000,00	20.000,00	0,00
233.20	Outras indemnizacións: tribunais, comisións...	20.000,00	20.000,00	0,00
<b>TOTAIS</b>		<b>6.140.021,00</b>	<b>5.832.059,00</b>	<b>307.962,00</b>

Inclúense 1.284.522,00 € como previsión polo incremento de retribucións estimado segundo a liña establecida no *Acordo Marco* asinado en outubro de 2022 na *Mesa Xeral das Administracións Públicas*. Tamén se recolle unha dotación de 1.000.000,00 euros para a carreira profesional, que neste caso, tamén debe condicionarse aos acordos que se adopten polo Pleno Corporativo, mediante o procedemento legalmente establecido, despois da negociación preceptiva cos representantes do persoal e previos os informes preceptivos do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos e da Intervención Provincial, dentro dos límites e condicións que estableza a futura LOXE 2025 ou a normativa estatal básica oportuna.

A dotación prevista para o concepto de complemento de produtividade, deberá tramitarse conforme as normas reguladoras que estableza a futura Lei de orzamentos xerais do Estado. O importe inicial do complemento de produtividade do persoal funcionario no exercicio 2025 é de 3.650.579,00 €. En todo caso deberá garantirse que a asignación destes importes cumpra as condicións, requisitos e límites que se establezan na Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2025, na normativa específica reguladora deste concepto retributivo e nos acordos e convenios colectivos vixentes. Para acreditar estes aspectos serán necesarios os informes previos e preceptivos do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humano e da Intervención Provincial para a súa aplicación efectiva.

As achegas ao **Plan de pensións** do persoal laboral e funcionario tiñan unha dotación inicial de 15.000,00 € no exercicio 2014 á que hai que engadir 156.685,15 € dotados no E.M.C. 7/2014, no Orzamento do exercicio 2015 ascenderon a 126.250 €, no Orzamento do exercicio 2016 a 127.513,00 € e no Orzamento do exercicio 2017 a dotación foi de 161.193,00 € igual que as previsións para os exercicios 2018, 2019, 2020 e 2021, no 2022 foi de 164.417,00 €, no 2023 de 171.024,00 €, no 2024 de 210.000,00 €. No Orzamento do exercicio 2025 ascende a 252.000,00 €, incrementase nun 20% ao ter en conta as novas especificacións do Plan de Pensións aprobadas no Regulamento de Plans e Fondos de Pensións por Real decreto 668/2023 do 18 de xullo, que dispón na inclusión do Plan de todo o persoal e persoal temporal con un mes de servizos prestados.

Sobre as achegas das administracións públicas a plans de pensións pronunciáronse as distintas Leis de orzamentos xerais do Estado:

O artigo 22.3 da Lei 2/2012 do 29 de xuño de orzamentos xerais do Estado para 2012 estableceu que “ Durante o exercicio 2012 as administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado un deste artigo non poderán realizar achegas a Plans de pensións de emprego ou contratos de seguros colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación”

A Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado do exercicio 2013, no artigo 22.3 dispuxo respecto das achegas a Plans de pensións nas administracións públicas o seguinte:

*“Tres. Durante o exercicio 2013, as administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.*

*Non obstante o disposto no parágrafo anterior e sempre que non se produza incremento da masa salarial nos termos que establece a presente lei, as citadas administracións, entidades e sociedades poderán realizar contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencias distintas á de xubilación.”*

A Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado do exercicio 2014, no artigo 20.3 establece o seguinte

*“Tres. Durante o exercicio 2014, as administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.*

*Non obstante o disposto no parágrafo anterior e sempre que non se produza incremento da masa salarial da administración de referencia, nos termos que establece a presente lei, as citadas administracións, entidades e sociedades poderán realizar contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencias distintas á de xubilación. Así mesmo, e sempre que non se produza incremento da masa salarial da devandita administración, nos termos que establece a presente lei, poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, sempre que os citados plans ou contratos de seguro fosen subscritos con anterioridade ao 31 de decembro de 2011”.*

A Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2015 dedícalle a este concepto o artigo 20.3 do seguinte teor literal:

*“Tres: Durante o exercicio 2015, as administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.*

*Non obstante o disposto no parágrafo anterior e sempre que non se produza incremento da masa salarial da administración de referencia, nos termos que establece a presente lei, as citadas administracións, entidades e sociedades poderán realizar contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencias distintas á xubilación. Así mesmo, e sempre que non produza incremento da masa salarial da devandita administración, nos termos que establece a presente lei, poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, sempre que os citados plans ou contratos de seguro fosen subscritos con anterioridade ao 31 de decembro de 2011”*

A Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para 2016 refírese tamén ás achegas das administracións públicas a plans de pensións do seu persoal no seu artigo 19.3, nos seguintes termos:

*“Tres: Durante o exercicio 2016, as administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións, de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.*

*Non obstante o disposto no parágrafo anterior e sempre que non se produza incremento da masa salarial da administración de referencia, nos termos que establece a presente lei, as citadas administracións, entidades e sociedades poderán realizar contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencias distintas á de xubilación. Así mesmo, e sempre que non se produza incremento da masa salarial da devandita administración, nos termos que establece a presente lei, poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, sempre que os citados plans ou contratos de seguro fosen subscritos con anterioridade ao 31 de decembro de 2011”.*

A Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2017 refírese tamén ás achegas das administracións públicas a plans de pensións do seu persoal no artigo 18.3, nos seguintes termos:

*“Tres. As Administracións, entidades e sociedades a que se refire o apartado un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.*

*Non obstante o disposto no parágrafo anterior e sempre que non se produza incremento da masa salarial, nos termos que establece a presente lei, as citadas administracións, entidades e sociedades poderán realizar contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura de continxencias distintas á de xubilación. Así mesmo, e sempre que non se produza incremento da masa salarial, nos termos que establece a presente lei, poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, sempre que os citados plans ou contratos de seguro fosen subscritos con anterioridade ao 31 de decembro de 2011"*

A Lei 6/2018, de 3 de xullo, de orzamentos xerais do estado para 2018 refírese as achegas das administración públicas a plans de pensión do seu persoal no artigo 18.3, nos seguintes termos:

*"Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos, sempre que non se supere o incremento global fixado no punto dous anterior"*

A Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, no artigo 18.3 establece:

*"Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos sempre que non se supere o incremento global fixado no apartado anterior."*

A Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, no artigo 19.3 establece:

*"Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos sempre que non se supere o incremento global fixado no apartado anterior."*

A Lei ,31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, no artigo 19.3 establece:

*"Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos sempre que non se supere o incremento global fixado no apartado anterior."*

Como xa ocorreu no 2024, non se aprobou o proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2025.

En consecuencia non se poderán destinar os recursos agora orzados a achegas ao Plan de pensións ata que se acrediten no expediente que se tramite para o efecto que se cumpren todas as condicións e límites contidos na lexislación básica estatal citada e na que se aprobe para o exercicio 2025.

Así mesmo cabe destacar a dotación dos importes destinados a **seguros de accidentes, vida e responsabilidade civil**, que foron de 211.626 € no exercicio 2014 pasaron a ser de 260.000,00 € no exercicio 2015, dotáronse en 232.300,00 € no

Orzamento provincial para o exercicio 2016 igual que nos exercicios 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022. Neste seguro incorporáronse os membros da corporación en idénticas condicións, esta inclusión constitúe unha retribución en especie a todos os efectos: fiscais e de cumprimento do límites legais establecidos para as retribucións dos membros da corporación, a dotación para o ano 2023 foi de 280.000,00 igual que a dotación para o ano 2024. Para o exercicio 2025 é de 290.000,00 €, o importe asignado aos membros da corporación ascende a 15.000,00€.

Achegouse o anexo de persoal definitivo para 2025 e en consecuencia, púidose verificar que coincide co cadro de persoal e coa relación de postos de traballo do exercicio 2025. No informe correspondente desta Intervención, que se acompaña como anexo, efectúanse as consideracións que se refiren a estes documentos, que se incluírán na orde do día da sesión ordinaria que o Pleno Corporativo ten previsto realizar neste mes de novembro.

En todo caso, a totalidade das previsións orzamentarias en materia de gastos de persoal deben entenderse condicionados na súa aplicación xurídica e económica ás condicións, límites e requisitos que se establezan con carácter xeral e básico na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2025 e nas normas estatais e autonómicas que regulan o réxime retributivo do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

#### **4.4.2 Compra de bens e contratación de servizos**

Os gastos derivados da compra de bens de consumo e mantemento dos servizos e bens da Deputación incluídos no capítulo 2º (clasificación económica), alcanzan no orzamento para o ano 2025 a cifra de 45.933.462,09 €, fronte a 42.783.767,93 € en 2024, o que supón un incremento de 3.149.694,16 €, equivalentes ao 7,36 %.

Neste apartado faise preciso manifestar que resulta necesario adoptar as actuacións que permitan tomar en consideración as previsións de incremento do índice xeral de prezos ao consumo para o exercicio 2025.

### 4.4.3 Xuros

O capítulo III do estado de gastos mantense igual que no ano 2024 e desagregase nos seguintes conceptos:

CONCEPTO	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENZA
Xuros de prestamos	0,00	0,00	0,00
Xuros de mora	25.000,00	25.000,00	0,00
Gastos financeiros	50.000,00	50.000,00	0,00
<b>TOTAIS</b>	<b>75.000,00</b>	<b>75.000,00</b>	<b>0,00</b>

Non se dotan os xuros de préstamos consecuencia da total cancelación das operacións de crédito “vivas” durante o exercicio 2014 con entidades financeiras, para dar cumprimento á Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

### 4.4.4 Gastos derivados da débeda

Neste punto vanse analizar catro aspectos da débeda provincial:

- A.) A evolución do volume da débeda viva concertada ata a data e a prevista no orzamento do ano 2025.
- B.) O cálculo do aforro neto e da carga financeira para o exercicio 2025
- C.) A evolución da carga financeira teórica anual.
- D.) A débeda coa Administración do Estado polo resultado negativo das liquidacións definitivas do exercicio 2008, 2009 e 2020 pola participación nos ingresos do Estado.

Antes de entrar na análise de cada un dos catro aspectos citados, faise necesario poñer de manifesto as importantes modificacións que se introduciron recentemente nas normas que regulan o “crédito local”, e en concreto as limitacións para apelar ao crédito. Estas modificacións recóllense nos artigos 52 e 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no artigo 14.dous do Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo

que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público e na disposición final decimo sétima da Lei de orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2010 e demais normas citadas ao comentar o apartado 4.2.3. do presente informe. Máis recentemente aprobouse a Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa citada, cuxos artigos 12 e 32 establecen o destino finalista dos ingresos “extraordinarios” e do superávit por operacións non financeiras de tal modo que os seus importes só poden destinarse a reducir o endebedamento neto.

Como consecuencia de tales modificacións pásase a poñer o acento nun indicador moito máis axustado para coñecer a verdadeira situación financeira da Corporación, cal é o volume da débeda fronte ao establecido anteriormente e que se refería á carga financeira. Por tales razóns neste punto do presente informe vaise comezar coa análise da evolución do volume da débeda provincial, para despois calcular o aforro neto e a anualidade teórica de amortización e finalmente reflectir a evolución da carga financeira teórica anual.

#### **A) Evolución do volume da débeda provincial**

No orzamento provincial para o exercicio 2025 non se contempla a apelación ao crédito e, ademais, non existe débeda viva ningunha con entidades financeiras dende o 31 de decembro de 2014. A evolución da débeda viva provincial, por operacións de crédito concertadas con entidades financeiras, recóllese no cadro que se inclúe a continuación:

EXERCICIO	DÉBEDA INICIAL 1	VARIACIÓNS DA DÉBEDA DURANTE O EXERCICIO					DÉBEDA ACUMULADA 7 (1+6)	Recursos correntes liquidados		% Débeda acuml. s/recursos liquidados	Incremento s/exercicio anterior %
		Débeda concertada 2	Débeda non consolidada 3	Amort exercicio e anticipada 4	Diferenza consolidación 5	Incremento da débeda 6 (2-3-4-5)		ano	importe		
1994	61.704.955,31	59.864.671,86	(2) 252.774,10	4.471.270,17	59.864.671,86	-4.724.044,27	56.980.911,04	1.992	84.088.975,21	67,76	
1995	56.980.911,04	5.998.100,80		6.032.791,52		-34.690,72	56.946.220,32	1.993	87.028.451,17	65,43	-2,33
1996	56.946.220,32	6.906.294,38	(3) 794.792,35	6.282.126,22		-170.624,19	56.775.596,13	1.994	79.910.789,79	71,05	5,61
1997	56.775.596,13	6.911.639,20		3.515.854,23	735.585,36	2.660.199,61	59.435.795,74	1.995	89.199.173,57	66,63	-4,42
1998	59.435.795,74	17.369.249,82		3.462.834,42		13.906.415,40	73.342.211,14	1.996	94.006.775,97	78,02	11,39
1999	73.342.211,14	23.890.231,15	(4) 2.563,98	3.728.568,09		20.159.099,08	93.501.310,22	1.997	93.465.497,37	100,04	22,02
2000	93.501.310,22	13.222.266,30	(5) 529.255,74	5.541.364,39		7.151.646,17	100.652.956,39	1.998	104.950.307,94	95,91	-4,13
2001	100.652.956,39	9.045.232,17		5.848.604,07	315.520,96	2.881.107,14	103.534.063,53	1.999	107.613.953,58	96,21	0,3
2002	103.534.063,53	14.235.000,00	(6) 4.968.794,84	5.798.784,92		3.467.420,24	107.001.483,77	2.000	111.221.695,98	96,21	0
2003	107.001.483,77	8.598.090,00	(7) 658.373,62	7.737.506,68	138.486,37	63.723,33	107.065.207,10	2.001	121.809.773,72	87,9	-8,31
2004	107.065.207,10	8.100.000,00	(8) 5.726.698,57	7.068.638,51		-4.695.337,08	102.369.870,02	2.002	124.555.459,88	82,19	-5,71
2005	102.369.870,02	8.000.000,00	(9) 44.119,86	9.031.166,41		-1.075.286,27	101.294.583,75	2.003	125.346.142,78	80,81	-1,38
2006	101.294.583,75	9.500.000,00	(10) 11.892,14	9.356.623,78	3.163,19	128.320,89	101.422.904,64	2.004	144.845.082,37	70,02	-10,79
2007	101.422.904,64	9.500.000,00	(11) 32.709,89	9.660.459,96		-193.169,85	101.229.734,79	2.005	139.049.405,11	72,8	2,78
2008	101.229.734,79	8.000.000,00	(12) 112.088,11	10.665.362,89	67.199,67	-2.844.650,67	98.385.084,12	2.006	163.797.234,37	60,07	-12,74
2009	98.385.084,12	7.900.000,00	(12) 106.139,14	11.698.969,95		-3.905.109,09	94.479.975,03	2.007	175.912.499,05	53,71	-6,36
2010	94.479.975,03	12.000.000,00	(14) 81.738,68	13.318.983,88		-1.400.722,56	93.079.252,47	2.008	186.297.289,85	49,96	-3,75
2011	93.079.252,47	0	(15) 877,32	15.175.247,82		-15.176.125,14	77.903.127,33	2.009	184.987.315,90	42,11	-7,85
2012	77.903.127,33	0	(16)	20.506.424,01		-20.506.424,01	57.396.703,32	2.010	152.570.806,54	37,62	-4,49
2013	57.396.703,32	0	(17) 336.482,93	20.456.484,91		-20.792.967,84	36.603.735,48	2.011	164.743.751,38	22,22	-15,4
2014	36.603.735,48	0	(18)	36.603.735,48		-36.603.735,48	0	2.012	163.995.512,66	0	-22,22
							0	2.013	186.972.883,72	0	-22,22


Os datos reflectidos no cadro refírense unicamente a operacións a "longo prazo"

- (2) Corresponde a préstamos anteriores ao ano 1992, que se consolidaron por menor importe
- (3) Corresponde ao préstamo do ano 1995 que se consolidou por valor de 5.203.308,45 €
- (4) Corresponde ao préstamo do ano 1997 que se consolidou por valor de 6.909.075,22 €
- (5) Corresponde ao préstamo do ano 1998 que se consolidou por valor de 16.839.994,08 €
- (6) Corresponde ao préstamo do ano 1999 que se consolidou por valor de 18.921.436,31 €



- (7) Corresponde ao préstamo do ano 2000 que se consolidou por valor de 12.563.892,68 €
- (8) Corresponde ao préstamo do ano 2001 que se consolidou por valor de 3.318.533,60 €
- (9) Corresponde ao préstamo do ano 2002 que se consolidou por valor de 14.190.880,14 €
- (10) Corresponde ao préstamo do ano 2003 que se consolidou por valor de 8.586.197,86 €
- (11) Corresponde ao préstamo o ano 2004 que se consolidou por valor de 8,067,290,11 €
- (12) Corresponde aos anos 2005 e 2006 que se consolidaron por valor de: 7.968.942,35 € (-31,057,65) e 9.418.969,54€ (-81,030,46) Total: 112,088,11 €
- (13) Corresponde ao préstamo do ano 2007 que se consolidou por valor de 9,393,860,86 €
- (14) Corresponde ao préstamo do ano 2008 que se consolidou por valor de 7.918.261,32€. Na columna (4) inclúese a amortización anticipada correspondente a economías de persoal por importe de 808,641,25 €. Incluídas no EMC 4/2010 aplicadas ao préstamo de 2008 (Art. 14 RDL 8/2010)
- (15) Corresponde ao préstamo do ano 2009 que se consolidou por valor de 5.899.122,68€. Na columna (4) inclúese a amortización anticipada Orzamento 2011: 1.000.000 € no orzamento. 1.000.000 € no EMC 2/2011 e 354.878,54 € no EMC 3/2012. Aplicado no Orzamento de 2009. (Art. 14 RDL 8/2010)
- (16) Inclúe a amortización prevista no exercicio 2012 (12.182.531,10 €) e a amortización anticipada incluída no EMC 3/2012 (4.223.892,91€), EMC 4/2012 (2.500.000), EMC 5/2012 (1.100.000,00) e EMC 6/2012 (500.000,00)
- (17) Inclúe unha amortización anual préstamos: 10.456.484,91 mais amortización anticipada de 1.500.000,00 € durante o exercicio 2013 , E.M.C. 1/2013 (2.500.000 €), E.M.C. 2/2013 (300.000,00€), Consólidase o préstamo do ano 2010 por 336.482,93 € menos. Amortización anticipada no E.M.C. 3/2013 (1.000.000,00 €). Amortización anticipada no E.M.C. 4/2013 (2.900.000,00 €) Amortización anticipada E.M.C. nº 5/2013 1.800.000,00 €
- (18) Inclúese a amortización anual de préstamos: 8.209.416,94 €, amortización anticipada no exercicio 2014 de 1.200.000 € e de 6.800.000,00€. Amortización anticipada incluída no E.M.C. 1/2014 de 5.000.000,00€, no EMC 2/2014 de 9.394.318,54 e no EMC 3/2014 6.000.000,00€.

## EVOLUCION VOLUMEN DÉBEDA



A partir de 1996 e ata o ano 1999 o volume de débeda neta acumulada a fin de cada exercicio experimentou un importante crecemento en tan curto período de tempo, situándose a fin do exercicio 1999 en 93.501.310,22 €, cifra que coincidía practicamente co importe total dos recursos liquidados por operacións correntes, concretamente o 100,04%, e que se aproximaba ao límite de endebedamento fixado no 110%. Durante este período correspondente aos anos 1997-1999 aumentouse o volume da débeda nun 60,72% pasando de 56.775.596,13 € a 93.501.310,22 €, o que supuxo un incremento de 36.725.714,09 €, en tan só catro exercicios. A partir do exercicio 2000 modifícase a tendencia, con incrementos máis moderados: 13.222.266,30 € no exercicio 2000, 9.045.232,17 € no 2001, 14.235.000,00 € no exercicio 2002, 8.598.090,00 € no exercicio 2003, 8.100.000,00 € no exercicio 2004, 8.000.000,00 € no exercicio 2005, 9.500.000,00 € no ano 2006, 9.500.000,00 € no ano 2007, 8.000.000,00 € no exercicio 2008, 7.900.000,00 € no exercicio 2009, 12.000.000,00 € no exercicio 2010. Nos exercicios 2011 e 2012 non se apelou ao crédito como forma de financiamento de investimentos provinciais e adoptáronse decisións de amortización anticipada da débeda preexistente en

cumprimento da normativa reguladora estatal básica. No exercicio 2013 non se concertaron operacións de crédito e realizouse unha amortización anticipada das operacións vivas concertadas en exercicios anteriores de 10.000.000,00 € en cumprimento da normativa reguladora da estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. No exercicio 2014 levouse a cabo a amortización anticipada da totalidade das operacións vivas concertadas en exercicios anteriores destinándose para este fin o importe de 36.603.735,48 €. En consecuencia non existe débeda viva dende o final do exercicio 2014 por operacións de crédito concertada con entidades financeiras.

## **B) Aforro neto e carga financeira teórica para o exercicio 2025.**

Nos próximos cadros efectúase o cálculo do aforro bruto e neto

### ***1.- AFORRO BRUTO***

Esta magnitude calculouse ata o exercicio 2003 coa referencia aos ingresos e gastos por operacións correntes previstos no orzamento de cada exercicio. A partir desa data modificouse o criterio de cálculo para a valoración do procedemento aplicable á concertación de operacións de crédito e requírese comparar os dereitos e obrigacións recoñecidos no exercicio anterior, deducidas as obrigacións financiadas con Remanente de Tesourería. En consecuencia, para poder facer comparacións temporais en termos homoxéneos realizarase o primeiro cálculo (A), e para poder verificar o órgano competente e procedemento de contratación aplicable realizarase o segundo cálculo citado (B), de tal modo que as fórmulas que se van empregar serán as seguintes:

**Método A:**

Aforro bruto = ingresos previsibles por operacións correntes - gastos estimados por operacións correntes no orzamento do exercicio 2025.

$$240.143.000,00 \text{ €} - 190.233.574,43\text{€} = \mathbf{49.909.425,57\text{€}}$$

**Método B:**

Aforro bruto = Dereitos liquidados por operacións correntes - obrigacións recoñecidas por operacións correntes no exercicio 2023 + obrigacións recoñecidas por operacións correntes financiadas con remanente líquido de tesourería.

$$250.751.988,06 \text{ €} - 167.601.541,57 \text{ €} + 14.929.419,35 \text{ €} = \mathbf{98.079.865,84 \text{ €}}$$

a) Previsións de ingresos pola agrupación "operacións correntes"

<b>CAPÍTULO</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>INGRESOS PREVISTOS 2025 (Método A)</b>	<b>DEREITOS LIQUIDADOS NETOS 2023 (Método B)</b>
Capítulo I	Imposto directos	24.504.000,00	24.671.320,97
Capítulo II	Impostos indirectos	16.406.500,00	16.853.536,97
Capítulo III	Taxas e outros ingresos	13.332.478,00	12.796.958,72
Capítulo IV	Transferencias correntes	179.086.322,00	191.285.973,44
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	6.813.700,00	5.144.197,96
<b>TOTAL INGRESOS ESTIMADOS</b>		<b>240.143.000,00</b>	<b>250.751.988,06</b>

b) Estimación de gastos agrupación "operacións correntes"

CAPÍTULO	TÍTULO	IMPORTE ORZAMENTO 2025 (método A)	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS 2023 (1) (Método B)	OBRIGAS RECOÑECIDAS 2023 FINANCIADAS CON REMANENTE TESOURERÍA
Capítulo I	Gastos de persoal	59.485.576,70	52.103.570,61	394.871,22
Capítulo II	Compra de bens corr. e servizos	45.933.462,09	29.543.444,72	662.478,08
Capítulo III	Xuros	75.000,00	387,63	0,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	79.929.535,64	85.954.138,61	13.872.070,05
Capítulo V	Fondo de continxencia	4.810.000,00	0,00	0,00
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>190.233.574,43</b>	<b>167.601.541,57</b>	<b>14.929.419,35</b>

TOTAL IMPORTE DO AFORRO BRUTO:	ORZAMENTO 2025 (Método A)	LIQUIDACIÓN 2023 (Método B)
En cifras absolutas	<b>49.909.425,57</b>	<b>98.079.865,84</b>
En porcentaxes sobre ingresos correntes previstos/liquidados	20,78%	39,11%

## 2.- AFORRO NETO

Aforro neto = Aforro bruto + xuros (capítulo III) - anualidade teórica de amortización

a) Aforro bruto:

Método A: 49.909.425,57 €

Método B: 98.079.865,84 €

b) Xuros (capítulo 3º):

Método A: 25.000,00 €

Método B: 387,63 €

c) Anualidade teórica de amortización. No exercicio 2025 non existe débeda viva por operacións concertadas con entidades financeiras e en consecuencia, a anualidade teórica de amortización é de 0,00 €.

Daquela o aforro neto método A ten o seguinte detalle:

$49.909.425,57 \text{ €} + 25.000,00 \text{ €} - 0,00 \text{ €} = \mathbf{49.934.425,57 \text{ €}}$

E o aforro neto método B ascende ás contías que se detallan:

$98.079.865,84 \text{ €} + 387,63 \text{ €} - 0,00 \text{ €} = \mathbf{98.080.253,47 \text{ €}}$

En ambos os casos o aforro neto é positivo

<b>TOTAL IMPORTE DO AFORRO NETO:</b>	<b>ORZAMENTO 2025 (Método A)</b>	<b>LIQUIDACIÓN 2023 (Método B)</b>
En cifras absolutas	49.934.425,57	98.080.253,47
En porcentaxes sobre ingresos correntes previstos/liquidados	20,79%	39,11%

### C) Carga financeira teórica anual


CARGA FINANCIERA TEÓRICA ANUAL	
En cifras absolutas	0,00
En porcentaxe sobre recursos liquidados exercicio anterior	0,00

a) Evolución da carga financeira teórica anual.

No seguinte cadro concrétese a evolución da carga financeira teórica anual e da súa porcentaxe con respecto aos recursos liquidados.

Ano	% carga financeira s/recursos liquidados por operacións correntes	Total carga financeira teórica anual
1994	18,47	13.810.165,43
1995	17,02	13.172.871,02
1996	16,89	13.497.296,87
1997	14,05	12.530.604,56
1998	10,73	10.090.215,23
1999	12,64	11.999.237,92
2000	11,96	12.553.597,09
2001	13,65	14.694.050,03
2002	12,93	14.377.676,81
2003	11,34	14.209.166,80
2004	11,95	14.977.008,80
2005	10,25	12.850.761,72
2006	9,64	13.964.895,25
2007	11,26	15.651.984,03
2008	10,62	17.401.062,42
2009	10,53	18.534.629,24
2010	8,34	15.553.236,30
2011	8,73	16.147.361,68
2012	10,62	16.213.758,55
2013	7,93	13.062.548,91
2014	7,15	11.731.102,89
2015	0,00	0,00

### Total carga financeira teórica anual



2016	0,00	0,00
2017	0,00	0,00
2018	0,00	0,00
2019	0,00	0,00
2020	0,00	0,00
2021	0,00	0,00
2022	0,00	0,00
2023	0,00	0,00
2024	0,00	0,00
2025	0,00	0,00

Nos cadros precedentesponse de manifesto a "capacidade de aforro" da Deputación (aforro bruto e neto) así como a evolución da "carga financeira teórica anual".

En canto ao "aforro neto" é de significar que este sitúase en 49.909.425,57 €, cifra que representa o 20,79% sobre os recursos por operacións correntes previstos no exercicio, conforme ao sistema de cálculo anterior a 2004, e ascende a 98.079.865,84 €, que representa o 39,11% dos recursos liquidados por operacións correntes no exercicio 2023, de acordo co método de cálculo aplicable a partir do exercicio 2004. En ambos os casosponse de manifesto a súa importancia relativa como fonte de financiamento.

Debe tomarse en consideración, non entanto, a evolución dos saldos debedores polas liquidacións de 2008 e 2009 da participación en ingresos do Estado, que se recollen a continuación:



**EVOLUCIÓN ANUAL DA DÉBEDA VIVA POR LIQUIDACIÓNS NEGATIVAS PIE EJERCICIOS 2008, 2009, 2013, 2014, 2017 e 2020**

EXERCICIO	DÉBEDA INICIAL	Variación débeda	Amort. ejercicio	DÉBEDA PENDENTE	Recursos correntes liquidados		% Débeda acum. s/ recursos liquid.
					Ano	Importe	
2011	14.759.549,17	(1)	2.951.909,88	11.807.639,29	2010	152.570.806,54	7,74
2012	58.718.682,14	(2)	12.334.118,41	46.384.563,73	2011	164.743.751,38	28,16
2013	46.384.563,73	(3)	5.153.840,40	41.230.723,33	2012	163.995.512,66	25,14
2014	41.230.723,33		5.153.840,40	36.076.882,93	2013	186.972.883,72	19,30
2015	36.076.882,93	(4y5) 8.085.270,57	5.728.189,53	38.433.963,97	2014	184.555.818,36	20,83
2016	38.433.963,97	(6) 182.314,78	6.783.735,00	31.832.543,75	2015	186.282.541,78	17,09
2017	31.832.543,75		2.122.169,59	29.710.374,16	2016	191.125.052,04	15,54
2018	29.710.374,16		2.122.169,59	27.588.204,57	2017	176.276.942,36	15,65
2019	27.588.204,37		2.122.169,64	25.466.034,73	2018	191.125.052,04	13,32
2020	25.466.034,73	(7) 5.672.278,95	7.794.448,59	23.343.865,09	2019	203.558.729,69	11,47
2021	23.343.865,09		2.122.169,64	21.221.695,45	2020	200.728.506,36	10,57
2022	21.221.695,45		2.122.169,64	19.099.525,81	2021	212.012.887,47	9,01
2023	19.099.525,81		2.122.169,64	16.977.356,17	2022	243.449.044,42	6,97
2024	23.773.278,64	(8) 6.795.922,47	8.918.092,11	14.855.186,53	2023	240.726.326,59	6,17
2025	14.855.186,53		2.122.169,64	12.733.016,89			

(1) Débeda correspondente á liquidación de 2008 ( período 60 mensualidades)

(2) Débeda pendiente da liquidación de 2008 e o total da liquidación de 2009. (Período 60 mensualidades)

(3) Período de amortización a 108 mensualidades

(4) Período de amortización a 204 mensualidades

(5) Incrementábase a débeda pola liquidación de 2013

(6) Incrementábase a débeda pola liquidación de 2014

(7) Incrementábase a débeda pola liquidación de 2017

(8) Incrementábase a débeda pola liquidación de 2020

**b) Evolución do aforro bruto e aforro neto nos orzamentos preventivos 2024 -2025. (Método A)**

MAGNITUDES		2024	2025
AFORRO BRUTO	- Cifras absolutas	44.196.697,76	49.909.425,57
	- En % s/ingresos correntes	19,93%	20,78%
AFORRO NETO	- Cifras absolutas	44.221.697,76	49.934.425,57
	- En % s/ingresos correntes	19,94%	20,79%

#### 4.4.5 Transferencias correntes e de capital.

As transferencias, correntes e de capital, reflectidas no estado de gastos do orzamento da deputación provincial ofrecen o seguinte resumo xeral

##### a) Transferencias segundo natureza económica

TRANSFERENCIAS	ANO 2025	2024	DIFERENZA	
	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
Transferencias correntes	79.929.535,64	72.543.597,14	<b>7.385.938,50</b>	10,18
Transferencias de capital	26.782.000,00	21.336.000,00	<b>5.446.000,00</b>	25,52
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS</b>	<b>106.711.535,64</b>	<b>93.879.597,14</b>	<b>12.831.938,50</b>	<b>13,67</b>

##### b) Transferencias desagregadas por sectores:

SECTOR	CORRENTES			CAPITAL		
	2025	2024	Diferenza	2025	2024	Diferenza
Estado (42) (72)	140.000,00	140.000,00	0,00			0,00
Comunidade autónoma (45) (75)	592.000,00	1.257.000,00	-665.000,00	300.000,00		300.000,00
Entidades locais: concellos (462) (762)	48.012.000,00	40.973.500,00	7.038.500,00	18.652.000,00	14.590.000,00	4.062.000,00
Entidades locais: consorcios (467) (767)	7.196.701,26	5.590.262,77	1.606.438,49			0,00
Entidades locais: mancomunidades (463) (763)	315.000,00	315.000,00	0,00			0,00
A empresas privadas (47) (77)	6.798.000,00	6.600.000,00	198.000,00	2.760.000,00	2.760.000,00	0,00
Familias e institucións sen fins de lucro (481) (781)	16.875.834,38	17.667.834,37	-791.999,99	5.070.000,00	3.986.000,00	1.084.000,00
<b>TOTAL TRANSFERENCIAS</b>	<b>79.929.535,64</b>	<b>72.543.597,14</b>	<b>7.385.938,50</b>	<b>26.782.000,00</b>	<b>21.336.000,00</b>	<b>5.446.000,00</b>

A análise dos cadros precedentes permite facer as seguintes consideracións:

### **A) TRANSFERENCIAS CORRENTES**

As transferencias correntes recollidas no capítulo IV do orzamento de gastos para o ano 2025 pasan de 72.543.597,14 € previstas no 2024, a 79.929.535,64 € no exercicio 2025; por tanto experimentan un aumento de 7.385.938,50 €.

As subvencións correntes destinadas aos **concellos** da provincia que son de 48.012.000,00 € experimentan un aumento de 7.038.500,00 € con respecto ao exercicio 2024, entre elas figuran 5.000.000,00 € do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ social 2025) e 20.000.000,00 € do POS+ gasto corrente. O POS+ é un plan propio da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2025 destinado aos 93 concellos da provincia, que se elabora no marco do disposto no artigo 36.2) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE nº 80, do 3 de abril), tendo en conta

as modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) e nos artigos 32 e 33 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE núm. 96 do 22 de abril), no que se regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente o devandito plan en colaboración cos concellos da provincia.

As transferencias correntes dirixidas a **familias e institucións sen fins de lucro** supoñen 16.875.834,38 €, con unha diminución de 791.999,99 € respecto do orzado inicialmente en 2024.

As destinadas aos **consorcios** ascenden a 7.196.701,26 €, que comprenden entre outras, as destinadas á achega desta deputación ao Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento (5.336.701,26 €) e a o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, CEIDA (150.000,00 €).

As transferencias correntes dirixidas ao Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña deben corresponderse co disposto nos seus estatutos e no proxecto de orzamento do propio consorcio provincial. Acompáñase ao orzamento provincial o proxecto de orzamento para 2025 do devandito consorcio. O importe das transferencias provinciais para financiar os seus gastos correntes en 2025 ascende a 5.336.701,26 €, e non se prevé importe ningún dedicado a transferencias de capital. Ao longo do exercicio 2025 deberá acreditarse que se cumpre efectivamente a equivalencia das achegas da Xunta e a Deputación.

En relación con este tipo de gastos, debe sinalarse que a súa normativa reguladora contense fundamentalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, recentemente modificada pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras normas de reforma administrativa, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da devandita lei, que resulta de aplicación ás entidades locais nos termos establecidos na súa disposición final primeira. De forma moi sintética cabe destacar que nesta norma legal reitérase a clásica distinción entre subvencións que se van outorgar polo procedemento de concorrencia competitiva (é dicir, a través de convocatorias públicas, e en base a criterios obxectivos que garantan a concorrencia, a igualdade e a non discriminación) e as subvencións concedidas polo procedemento de concesión directa. Ambos procedementos recóllense e desenvólvense nas bases de execución do orzamento provincial e serán obxecto de comentario no apartado correspondente do presente informe. No ámbito da comunidade autónoma publicouse a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, da Xunta de Galicia, polo que se aproba o regulamento do seu desenvolvemento.

## **B) TRANSFERENCIAS DE CAPITAL**

As transferencias de capital contempladas no capítulo VII do orzamento para o ano 2025 ascenden a 26.782.000,00 € o que supón un aumento de 5.446.000,00 euros que representa o 25,52% con respecto da previsión do exercicio 2024.

A consignación do Plan de obras e servizos para investimentos alcanza o importe total de 16.000.000,00 €, sendo o importe consignado no orzamento para o novo plan (POS+ social 2025) de 2.000.000,00 €, e o resto 14.000.000,00 € para o POS+ investimentos.

As previsións iniciais de subvencións de capital a concellos, excluído o POS, detállanse no anexo de investimentos.

Neste apartado debe reiterarse, unha vez máis, que a forma normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais é a dos plans provinciais aos que se refire o artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 110 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que require do establecemento de criterios obxectivos e xerais de asignación dos recursos públicos provinciais. Tamén debe citarse neste apartado a disposición contida no artigo 13.4.g) da Lei de bases do réxime local, segundo a redacción dada a este precepto pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, que determina que ao municipio resultante dunha fusión seralle de aplicación o seguinte: *“g) Durante, polo menos, os cinco primeiros anos desde a adopción do convenio de fusión, terá preferencia na asignación de plans de cooperación local, subvencións, convenios ou outros instrumentos baseados na concorrencia. Este prazo poderá prorrogarse pola Lei de orzamentos xerais do Estado.”*

#### **4.4.6 Investimentos provinciais**

Os investimentos provinciais contemplados no capítulo VI do orzamento para o ano 2025 ascenden a 22.953.654,57 € fronte a 22.685.235,00 € consignadas no orzamento do exercicio 2024, o que supón un Incremento de 268.419,57 € que representa o 1,18%. Inclúense consignacións diferenciadas para obras en edificios e instalacións provinciais que se detallan no anexo de investimentos. En relación cos plans provinciais orzados, nos capítulos VI e VII debe efectuarse unha primeira consideración:

No proxecto de orzamento existen consignacións para os seguintes conceptos asociados a plans provinciais.

DENOMINACIÓN DO PLAN	EXERCICIO ANO 2025	EXERCICIO ANO 2024	DIFERENZA	
			IMPORTE	%
PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS+) Gasto social	7.000.000,00	7.000.000,00	0,00	0,00%
PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS+) Corrente	20.000.000,00	14.500.000,00	5.500.000,00	37,93%
PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS+) Investimentos	14.000.000,00	10.000.000,00	4.000.000,00	40,00%
POS PRÉSTAMO PROVINCIAL	0,00	0,00	0,00	0,00%
PLAN EMPREGO LOCAL	16.281.000,00	15.996.000,00	285.000,00	1,78%
PLAN CONSERVACION VÍAS PROVINCIAIS	13.108.800,00	12.650.000,00	458.800,00	3,63%
PLAN INVESTIMENTOS VÍAS PROVINCIAIS	2.365.200,00	2.127.500,00	237.700,00	11,17%
PLAN TRAVESÍAS	0,00	0,00	0,00	0,00%
PLAN SENDAS PEONÍS	1.925.900,00	1.725.000,00	200.900,00	11,65%
PLAN DE SEGURIDADE VIARIA INTEGRAL	0,00	0,00	0,00	0,00%
PLAN DE ESTRADAS A TRANSFERIR	1.000.000,00	852.000,00	148.000,00	17,37%
EXPROPIACIÓNS	532.105,00	1.001.000,00	-468.895,00	-46,84%
<b>TOTAL PLANS</b>	<b>76.213.005,00</b>	<b>65.851.500,00</b>	<b>10.361.505,00</b>	<b>15,73%</b>

#### 4.4.7 Activos financeiros

O capítulo VIII do estado de gastos do orzamento para o ano 2025 ascende a 530.771,00 €, corresponden á dotación inicial para anticipos de pagas ao persoal, este capítulo é igual ao exercicio de 2024.

## 4.5 BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

De conformidade co establecido no artigo 165.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 9, entre outros, do Real decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, acompañanse ao orzamento provincial do exercicio 2025 as bases para a súa execución.

As ditas bases recollen o contido detallado nas normas de aplicación e non presentan modificacións significativas con respecto ás do exercicio 2024.

Se mantén a redacción aprobada para o exercicio 2024 e recolléronse as adecuacións que resultan das normas de xeral aplicación aprobadas durante o presente exercicio e das peculiaridades do proxecto de orzamento para o exercicio 2025.

As bases 52 a 56 dedícanse a subvencións e transferencias para o exercicio 2025. Inclúense as transferencias, cotas de socio e o réxime de subvencións que se tramiten durante o exercicio 2025. Ademais exclúese da posibilidade de anticipos prepagables aos beneficiarios que teñan pendente de xustificar unha cantidade anticipada e transcorra o prazo de xustificación previsto sen que se achegara a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

Debe significarse, unha vez máis, que cando o expediente orzamentario sexa firme e executivo, deben tramitarse os correspondentes expedientes administrativos. En todo caso, nos expedientes que se tramiten han de acreditarse as razóns singulares de interese público que non permitan ou non fagan conveniente a aplicación dos principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación dispostos na normativa xeral de subvencións para este tipo de gastos.

Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente, de acordo coas normas de aplicación, pode exceptuarse a xeral aplicación dos principios citados. En consecuencia, a documentación preceptiva e a acreditación dos aspectos relevantes dispostos na Lei xeral e no Regulamento da Lei de subvencións, na Lei de subvencións de Galicia e nas bases de execución do orzamento provincial e a motivación das razóns excepcionais que xustifican a súa concesión sen concorrencia, débense incorporar aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requisito para a súa válida adopción xunto coa acreditación de que non se están realizando actividades propias ou reservadas á competencia doutras administracións públicas. Tamén resulta necesario motivar o

coeficiente de financiamento previsto, en todo caso, e especialmente, naqueles casos nos que se supera o 80% do orzamento da actividade ou investimento subvencionado e expresar os criterios nos que se basea a cuantificación da subvención provincial. Esta motivación esíxese nas propias Bases de execución do orzamento provincial e resulta especialmente necesaria nos supostos de financiamento do 100 por 100 do orzamento da actividade ou investimento subvencionado.

En definitiva, a non acreditación das razóns excepcionais que xustifican a atribución nominativa da subvención, do seu importe ou do seu coeficiente de financiamento, supón non atender ao establecido nos artigos 9 e 103 da Constitución española, no artigo 54 e a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común e nas normas estatais e autonómicas reguladoras das subvencións públicas, e por tanto, pode constituír un dos supostos recollidos no artigo 216.2.c) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Pola transcendencia xurídica do exposto debe insistirse na necesidade de incorporar a motivación correspondente e a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren nas entidades e nas actividades subvencionadas para a non aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, para cuantificar o importe total da subvención outorgada e para determinar o coeficiente de financiamento, en todo caso, e especialmente, cando supoña o 80% do orzamento subvencionado e, aínda máis, cando ascenda ao 100% do orzamento do investimento da actividade obxecto de subvención.

O disposto nos parágrafos precedentes ven de ser ratificado nas recentes sentenzas do Tribunal Supremo 68/2024 do 10/01/2024 e 3845/2024 do 01/07/2024, que conclúen que **non hai suficiente xustificación da elección do sistema de concesión directa**, entre outros motivos polos seguintes:

***“No es la presencia de razones de interés público, económico y social en la subvención lo que autoriza la subvención directa, pues, con evidencia, en toda subvención laten intereses de dicha naturaleza, sino la presencia de esas razones en la elección del procedimiento excepcional de concesión directa y la relegación del régimen general de convocatoria pública. Así se desprende del art. 22.2.a) LGSS. Se motiva así la finalidad de las subvenciones, pero en modo alguno el procedimiento de concesión directa.”***

Aprovéitase a ocasión para reiterar o manifestado en informes anteriores no sentido de que aínda que o artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e os artigos 65 a 67 do seu regulamento contempla a posibilidade de outorgar subvencións nominativas, de concesión directa, debe lembrarse que os principios xerais para a súa concesión son os de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación e só razóns extraordinarias de interese público que deben acreditarse expresamente poden xustificar a súa excepcionalidade. Entre as dotacións destinadas a subvencións nominativas existen destinatarios diferentes:



- A. Concellos, consorcios e outras formas asociativas e organizativas de entidades locais: Neste apartado debe reiterarse que a forma normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais é a dos Plans provinciais aos que se refire o artigo 36 da Lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 110 da Lei de administración local de Galicia, que requiren o establecemento de criterios obxectivos e xerais de asignación dos recursos públicos provinciais. Baseadas nos datos e información dispoñible na Enquisa de infraestruturas e equipamentos locais. Por tanto, no expediente administrativo a través do cal se tramite o oportuno convenio interadministrativo resulta inescusable acreditar as razóns excepcionais de interese público que impiden ou fan que non sexa conveniente a actuación a través dos plans provinciais ou mediante os programas xerais de subvencións dirixidos a todos os concellos da provincia e que non permiten, en definitiva, a aplicación dos principios de concorrencia, igualdade e non discriminación.
- B. Entidades públicas ou entidades privadas sen ánimo de lucro: polo que se refire ás achegas provinciais a outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro deben tomarse en consideración os citados principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación recollidos na Lei xeral de subvencións, no seu regulamento de desenvolvemento e nas bases de execución do orzamento provincial. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente conforme as normas de aplicación pode exceptuarse a xeral aplicación de tales principios. Tal motivación debe incorporarse aos expedientes que se tramiten con carácter previo á adopción de calquera compromiso provincial como requisito para a súa válida adopción así como a determinación dos criterios de cuantificación de subvencións outorgadas e do coeficiente de financiamento proposto.
- C. Cotas de participación da Deputación como socio, patrón ou partícipe de asociacións, fundacións e outras entidades públicas ou privadas: Tamén neste caso deben tomarse en consideración os principios xerais de obxectividade, publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e a acreditación, no seu caso, das razóns xurídicas, sociais ou humanitarias que imposibilitan a concorrencia efectiva. Igualmente, debese acreditarse que non existen outras entidades que realicen as mesmas actividades e teñan as mesmas condicións obxectivas que as que se contemplan na base 51 de execución do orzamento. Neste apartado resulta de obrigada consideración as conclusións e recomendacións formuladas polo Tribunal de Contas no seu informe nº 932, do 23 de febreiro de 2012, de fiscalización das fundacións do ámbito local.

D. Subvencións finalistas a fundacións: O número de destinatarios e os fins, xeralmente culturais, que se subvencionan ao longo do exercicio parecen xustificar unha convocatoria pública específica dirixida a este tipo de entidades, para asegurar a xeneralidade, igualdade e non discriminación das existentes que realicen parecida ou idénticas actividades de fomento literario, artístico ou científico, pois puidesen existir outras fundacións con domicilio social na provincia que realizan actividades similares ás que se contemplan como beneficiarias de subvencións nominativas.

En todo caso parece necesaria a coordinación con outras administracións públicas, de acordo co disposto reiteradamente no ordenamento xurídico vixente e particularmente no artigo 8 da Lei xeral de subvencións.

A Lei de subvencións de Galicia regula a concesión directa delas no seu artigo 26, que é do seguinte teor literal:

1. *"A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei. Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.*
2. *As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice para subscribir, deberán axustarse ás previsións contidas nesta lei, salvo no que afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrência, e conterán como mínimo os seguintes aspectos.*
  - a. *Definición do obxectivo das subvencións, con indicación do seu carácter singular e as razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.*
  - b. *Réxime xurídico aplicable.*
  - c. *Beneficiarios e modalidade da axuda*
  - d. *Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.*
3. *A concesión de subvencións por importe superior a 150.000,00 euros, ou o que determinen as leis anuais de orzamento, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia"*

Por todo o exposto, debe insistirse en que resulta imprescindible a tramitación administrativa posterior dos convenios ou acordos nos que se incorpore a motivación e a documentación necesaria, e se concreten os aspectos esenciais das subvencións nominativas contempladas, é dicir:

- Identificación completa e adecuada do beneficiario da subvención e acreditación de que reúne todas as condicións para desempeñar o carácter de beneficiario (personalidade xurídica, capacidade de obrar, compatibilidade, estar ao corrente nas súas obrigacións tributarias, e coa seguridade social, etc.)
- Definición precisa do obxecto, de forma que sexa posible a súa adecuada comprobación
- Orzamento detallado da actividade ou investimento que se vai realizar.
- Réxime xurídico aplicable en materia de xustificación documental, pagos, economías de execución, etc.
- Motivación do excepcional interese público que impida ou non faga aconsellable a publicidade e concorrencia.
- Criterios obxectivos de cuantificación do importe da achega provincial, do coeficiente de financiamento da devandita achega e, no seu caso, motivación excepcional se alcanza o 100 por 100 do custo da actividade.
- Prazo e forma de acreditar o cumprimento da finalidade pretendida,
- Compromisos recíprocos e os restantes aspectos enumerados no último parágrafo da base 49 de execución do orzamento provincial de auditoría do sector público e fai necesaria a dispoñibilidade dos medios persoais e materiais necesarios para a súa execución.

Antes de finalizar este apartado de comentarios ás subvencións nominativas é necesario poñer de manifesto que a actividade de fomento das entidades locais tamén está condicionada pola determinación de competencias que a estas lles atribúen as normas estatais e autonómicas. En consecuencia, na súa tramitación deben tomarse en consideración os trámites e as condicións económico-financeiras establecidas para a implantación de novos servizos dos entes locais no artigo 7.4 da Lei reguladora das bases do réxime local e nos artigos 3 e seguintes da Lei 5/2014, do 27 de maio, de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

Finalmente, as Bases se refiren ao réxime orzamentario, contable, de control económico-financeiro e patrimonial do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña. Respecto diso debe indicarse que resulta necesario e urxente adecuar o réxime xurídico, orzamentario, contable e patrimonial do devandito consorcio ao establecido con carácter xeral e básico nos artigos 118 a 127 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a través das modificacións dos seus actuais estatutos e demais normas propias e de xestión.

#### **4.6 PROXECTO DE ORZAMENTO PARA 2025 DA ENTIDADE ADSCRITA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

##### **4.6.1 Proxecto de Orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña**

Incorpórase ao orzamento provincial o proxecto de orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña. Este proxecto de orzamento inclúe entre a súa documentación o informe preceptivo da Secretaria-Intervención do Consorcio; non obstante, procede agora indicar, de maneira telegráfica, as seguintes consideracións:

As modificacións retributivas do persoal deben condicionarse aos límites e condicións que determine a futura Lei de orzamentos xerais do estado ou a normativa básica estatal que se aprobe ao efecto.

É preciso mencionar que non hai proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2025, non obstante, as condicións, límites e retribucións aplicables desta condiciónanse ao que determine a futura lei de orzamentos xerais do estado con carácter básico e aplicable a todas as administracións públicas.

Tamén é preciso destacar que calquera acordo ao respecto debe ir precedido da autorización do Pleno da Corporación Provincial.

- a) Deben adaptarse os estatutos do consorcio ás condicións recollidas normativa básica estatal, particularmente ao establecido nos artigos 118 a 127 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- b) Finalmente hai que significar que as previsións orzamentarias do consorcio para o exercicio 2025 cumpre o obxectivo de estabilidade cunha marxe de 407.867,91 € e supera o límite de gasto en 1.875.937,76 €.

Por último, é necesario indicar que non se acompaña co Proxecto de Orzamentos para 2025 do Consorcio o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para dito exercicio. Esta circunstancia resulta especialmente relevante polo significativo incremento nos gastos de persoal estimados e pola imposibilidade de verificar a adecuación da información do Anexo de Persoal obtida no expediente orzamentario coas especificacións contidas no Cadro de Persoal e na Relación de Postos de Traballo.

En todo caso o Consorcio deberá tramitar ditos documentos en prazo e forma, previos os trámites e informes preceptivos previstos na normativa vixente e nas Bases de Execución do Orzamento.

Canto antecede recolle o parecer do informante que se expón para a súa incorporación ao expediente tramitado e para dar cumprimento ás normas de xeral aplicación ás que se fixo referencia.

A xefa do Servizo de Orzamentos  
e Asistencia Económica a Concellos,

María José Vázquez Sesmonde  
(asinado dixitalmente)

O interventor xeral,

José Manuel Pardellas Ribera  
(asinado dixitalmente)